

JEAN SIBELIUS (1865-1957) Finlandia [1899]

Hai 100 anos Finlandia non era un país.

Formaba parte do Imperio Ruso como o Gran Ducado de Finlandia. O poema sinfónico ou «tone poem» opus 26 Finlandia. de 1899, por moito que soe en internet superposto a belos lagos fineses, auroras boreais e bidueiros, non é unha descrición paisaxística. Máis ben unha advertencia e un himno heroico. Para unha rexión. Non un país. Tardaría aínda os seus case 21 anos máis en se independizar.

«A música comeza cando finalizan as posibilidades da linguaxe», deixou escrito o seu compositor, Jean Sibelius. A finais do s. XIX a Finlandia non lle deixaban dicir demasiado pero a Sibelius, un artista xa coñecido, vanlle a permitir que alí onde non chegan as palabras, chegue a súa música.

O goberno finlandés toma unha decisión que será a envexa de moitos artistas que se atopen agora mesmo a leren estas notas: en 1898 outórgalle ao compositor unha especie de subvención anual para que se poida dedicar á súa arte sen preocuparse polas facturas da luz, iso nun país no que boa parte do ano é de noite. Ninguén demostrou aínda que ese tipo de axudas xeren mellores obras, mais seguen funcionando.

E con Sibelius, un tipo comprometido, ben que funcionou. Aproveita o privilexio e apenas un ano despois compón un dos temas-protesta [non propiamente unha canción] máis sonadas do século: «Finlandia». En realidade un «Rusia, quita as mans de Finlandia», e a parte final da Música incidental para as Celebracións da Prensa.

Un momento. De que prensa?

Estamos en horas tensas. 1899 -ano en que, por certo, nace Jorge Luis Borges ao outro lado do mundo-: no anaquiño de península escandinava que limita coa grande Rusia acaba de publicarse o «Manifesto de Febreiro», que non é máis que un programa do Imperio Ruso encamiñado a rusificar aínda máis o territorio finlandés até o último bidueiro. Tras o peche do primeiro xornal en lingua vernácula «Päivälehti», a vida cultural finlandesa protesta enerxicamente coas Celebracións da Prensa [hai máis de 100 anos a prensa oficial dunha rexión si encabezaba protestas sen se supeditar ao poder]. En finés, esa lingua milagreira que sobrevive no aire, sen raíces indoeuropeas -igual que o euskera ou o húngaro-, tal período de rusificación á forza coñécese como «sortokaudet» e prolongarase ata 1917, ano no que o Gran Ducado de Finlandia dá un portazo, lévase o vodka por se acaso e convértese en Finlandia. Libre.

Se cadra por iso tamén esta música comeza a portazos, nun *andante sostenuto* entrecortado que soa a reivindicacións aínda máis enxalzadas grazas a un uso maxistral do silencio. Sempre modulando cara ao Fa# menor. Contra baixos, tuba, trombóns, trompas. Pouca broma.

Toda esa sección heroica leva inserido algún relanzo lírico de violoncelos, pero en xeral caracterízase pola contundencia e unha afastada voz de epopea; voz que, de falarmos de Sibelius e Finlandia, condúcenos sen dúbida dereitiños ao «Kalevala».

O «Kalevala» [literalmente “terra de heroes”] podería parecer unha saga medieval, aínda que se trata en verdade dunha macedonia compilada por Elias Lönnrot -de novo asoma Borges por aquí: o detective do seu conto «A morte e o compás» [1942] chámase Erik Lönnrot-; pero o Lönnrot do mundo real, Elias, era un folklorista do XIX que deu forma á épica e mitoloxía orais da zona de Karelia -aínda hoxe con parte rusa-, mitos fundacionais que afunden as súas raíces na Idade do Bronce.

Sen este esforzo literario a lingua finesa seguiría hoxe a ser considerada un dialecto de labregos, xa que as clases altas do XIX falaban sueco [a familia de Jean Sibelius entre elas: o compositor non coñeceu o finés ata os 8 anos, algo típico das linguas minorizadas].

A saga narra a historia de varios heroes. Para Sibelius e outros do seu círculo cultural, representaba o auténtico espírito finlandés fronte á Rusia zarista e a Coroa sueca.

Así pois, durante a última década do século XIX, Sibelius deixouse inspirar polo «Kalevala»: o seu poema sinfónico sobre o antiheroe «Kullervo» é quizais o máis coñecido -e habería renegar del-, pero no tinteiro quedóuselle tamén unha ópera inacabada. Si rematou as «Catro lendas de Lemminkäinen», entre as que destaca o corno delicioso do «Cisne de Tuonela».

E con todo este trasfondo -e a importante axuda da pensión governamental-, chegamos ás estampas que compoñen a Música para as Celebracións da Prensa: unha serie de 6 cadros históricos sobre a historia do -entón- Gran Ducado ruso, antes en mans suecas. O 6º cadro, o broche de ouro, titulábase «Finlandia, esperta».

E é ese broche de ouro o que se desprende e gañou altura até se converter na peza máis celebrada da serie: apenas 8 minutos que lle deron fama mundial a Sibelius e un posto de honor no mundo do software de edición de partituras un século despois [«Sibelius» é o nome do programa informático que utilizan miles de compositores hoxe en día].

E da música, que? Quedámonos nesa gran primeira parte que rabuñaba o mapa de Escandinavia, o *andante sostenuto*. Un *allegro moderato* con gran presenza de metais é a ponte que nos conduce ao himno final, *cantabile*, un *allegro* coa voz cantante das madeiras e que hoxe en día considérase o «himno emocional» de Finlandia.

Fálase de restos de «canción rúnica» nesta breve peza e, se ben o folclorismo é moi sutil, adivíñase.

Dise que o compositor colleulle rabia a «Finlandia»: foi o seu gran *hit*, levouno á Exposición Universal de París, e quizais deslumbrou tanto que as súas páxinas posteriores e máis inspiradas ficaron en penumbra. Pero aínda era novo. Por diante quedalle a operación dun tumor na garganta -un éxito grazas ao cal alcanzou os 90 anos-, sinfonías fabulosamente estrañas como os deseños dunha aurora [a heroica 5ª, a 7ª], e unha vellez rotunda, como os seus silencios e a súa calva: nunha foto en branco e negro cara ao final da súa vida aparece rapado, case cun aire ao Marlon Brando de «Apocalypse Now», os ollos pechados. Escoitando os paxaros que tanto lle gustaban, quizais. Escoitando o cuco lendario que canta en cada unha das illas trala morte de Aino, a doncela do «Kalevala» -e tamén o nome da súa dona-.

XAVIER MONTSALVATGE [1912-2002] **Manfred (ballet) [1945]**

Da famosa noite de 1816 en *Villa Diodati* [Alpes suízos] na que se reuniron mentes goticamente brillantes para dar a luz criaturas escuras, o protagonismo hoxe día quizais lévao Mary Shelley, esposa de Percy B. Shelley e autora de «Frankenstein».

Con ela compartiron quinqué, ademais do seu marido, o doutor John Polidori e Lord Byron, alugueiro da casa. E este último foi o que máis focos de atención atraeu durante o seu século, o XIX e boa parte do XX. Pero a día de hoxe, que foi do mítico Lord Byron, o incestuoso Byron, o pai de Ada Lovelace -case patroa de internet-, o que morre loitando contra os turcos...quen le a Byron?

Byron escribira o seu drama de armario «Manfred» nesta época convulsa e alpina. Publicouse en 1817 -un ano despois do famoso ano sen verán, o 1816 fáustico e tormentoso, consecuencia da erupción do monte Tambora en 1815-. «Manfred» é a historia dun home torturado por un segredo inconfesable -quen sería?- que, ao bordo da tolemia e de non poucos precipicios montañosos, convoca a sete espíritos. O primeiro en namorarse de tanta turbulencia moral foi Nietzsche, que se lanzou a compondor unha «Meditación para piano a catro mans».

Seguíronlle Schumann -figura en si moi manfrediana- e Chaikovsky, coa súa sinfonía Manfred en Si menor, a única programática das súas sinfonías. E no século XX, un catalán afeccionado ao ballet -casaría cunha bailarina en 1947- volve a prendarse desta historia. Montsalvatge é un mozo de Girona, cuxa carreira musical comezara co agasallo dun violín aos 7 anos, e afianzouse estudando en Barcelona con mestres como Enric Morera ou Lluís Millet.

Montsalvatge escribe un «ballet nun acto e 3 cadros» que comeza xa *agitato* e atravesa orografía de cordilleira grazas ao cromatismo da orquestación, enormemente rico: un caleidoscopio raveliano de turbulencias anímicas, desde o intimismo da harpa ata a xovialidade das madeiras, a medida que Manfred dialoga cos sete espíritos, Némese ou o Destino. Vales e precipicios tonais nunha música pouco interpretada desde a súa estrea, en abril de 1945.

O libreto foi unha adaptación libre do poema de Byron levado a cabo por Jacqueline Alexander, irmá de Yvonne Alexander, bailarinas en cuxo estudo coñecería Xavier Montsalvatge á súa esposa.

Aínda que toda a partitura mantén unha nublada tensión reexposta cada pouco, hai intres luminosos que relaxan o terrible, como o expresivo diálogo do clarinete, oboe e corno inglés e o remuíño xeral de romanticismo que envolve a peza.

Montsalvatge é unha figura enormemente interesante que viu ensombrecidas boa parte das súas obras polo fogonazo antillano das coñecidísimas «Cinco canciones negras», en especial a «Canción de cuna para dormir a un negrito».

Segundo afirmaba, prestáballe que cualificasen a súa música como «ecléctica» e quizais ese eclecticismo volveu máis escorregadiza a súa figura. A súa música deixa ver máis influencia francesa que catalá, segundo el mesmo recoñeceu.

Nunha das súas últimas entrevistas, realizada xusto o ano da súa morte, aos 90 anos, comparábaselle precisamente con Sibelius:

«-Séntese case como Sibelius, quen os últimos 28 anos da súa vida os pasou recluso na súa casita para refuxiarse dun mundo estético que xa non consideraba como seu?

-Quizais, dalgún xeito, si... (Detense, para reflexionar interiormente. Tras un longo silencio, matiza a resposta). Pero non, non, o meu caso é absolutamente diferente. A min préstame moito saír e gozar de todo. Son profundamente vitalista. Eu, desde logo, non estou recluso como fixo el e mantéñome aberto, e ata receptivo a case todo.»

JEAN SIBELIUS (1865-1957)
Sinfonía n. 1 op. 39. [1899]

- I. Andante, ma non troppo - Allegro energico
- II. Andante (ma non troppo lento)
- III. Scherzo. Allegro
- IV. Finale (Quasi unha Fantasia). Andante - Allegro molto

Quedámonos na Finlandia do cambio de século, moito antes de que Sibelius recluíse na súa casa, en *Villa Ainola*, disque alleo ás innovacións estético-musicais da súa época.

Cara a 1898, co «Kalevala» aínda candente no espírito finés de autodeterminación e tras unha viaxe a Karelia -a rexión onde o núcleo finlandés parece manterse máis puro-, o músico plantéxase unha sinfonía non programática, xusto tras abordar os poemas sinfónicos «Kullervo» ou «En Saga». Ten daquela 33 anos.

Non sei se a Sibelius lle parecería ben que curioseásemos no seu diario, pero un dos seus influxos admitidos -segundo este diario- será a «Sinfonía Fantástica» de Berlioz. E un dos rexeitados, Chaikovsky, con quen se lle comparou a miúdo -lembremos que Rusia considérase o xugo de Finlandia nesta altura-. Ao longo do século XX Sibelius foi unha figura á que se contemplou non sen certa extrañeza e ás veces con aberto rexeitamento -sobre todo polos detractores do romanticismo, entre eles o teórico T. W. Adorno-.

Con todo, a súa 1ª Sinfonía sería un éxito rotundo para a crítica e para o público e aínda unha das máis interpretadas a día de hoxe.

Un hipnótico solo do clarinete -por un momento cun aire á BSO do «O Padriño», de Nino Rota, coa que evidentemente non ten nada que ver- mergúllanos nun primeiro movemento en dous tempos, subliñado por redobres de timbal, a modo de pedal continuo. Este solo de clarinete será cortado a coitelo polas cordas e metais, cun pequeno tema empaquetado disposto a crecer organicamente.

Ao longo desta sinfonía Sibelius espolvorexará toques de harpa, como unha xeadada luminosa. E o clarinete será a voz que o guíe dun tema a outro.

O musicólogo David Revilla Velasco, no excelente e moi completo blog sibeliusencastellano.com, define o segundo movemento, *Andante*, como un dos máis complicados no formal «pero, nunha das típicas contradicións sibelianas, moi impetuoso e apaixonado».

Para o Scherzo, tralo *pizzicato* case de aquellarre con que abre a sección de corda, as notas de pedal volven adquirir relevancia. Víronse escintileos da enerxía de Beethoven e pegadas de Bruckner neste breve movemento, fero

coma un vento polar, que desemboca nunha sección máis fantasiosa co protagonismo das trompas e o acorde chaikovskyano, *Mi menor/Do#menor*.

Un ton fatalista anuncia o movemento final, *Quasi unha fantasia*, reexpoñendo a melodía daquel primeiro clarinete solitario agora coa orquestra toda. Para este movemento fai un uso dos silencios e desa especie de rúbricas agresivas e afiadas, case gadoupas de armiño. Todo este *Allegro final* ten algo de danza, e mestura reminiscencias rusas con outras de folclore finlandés.

Disque Sibelius tiña sinestesia, esa vantaxe sensorial de quen son capaces de sentir atributos dun sentido a través doutro [e común a non poucos compositores, entre eles Messiaen ou Scriabin]. En calquera caso, un sinéstsico declarado, Thomas Gartner, cualificou deste xeito a música do escandinavo:

«Sibelius? Mel, avelás, pan torrado. Moi embriagador.»

Como almorzo, esta primeira sinfonía abriu boca, e moito. Sen ser radical, a súa orixinalidade segue crocante, coma un fumegante pan torrado dende as terras circumpolares.